

Medidas extraordinarias de interese para aos concellos no impacto económico e social da crise do coronavirus

- ⇒ Resumo dalgúñas medidas de interese para os concellos do RD-lei 8/2020, de 17 de marzo (de medidas urxentes extraordinarias para afrontar o impacto económico e social do COVID-19)
- ⇒ **A FEGAMP recomenda a lectura do texto íntegro** publicado no BOE núm.73 do 18 de marzo de 2020 para coñecer tódalas medidas, casuísticas e condicións.

Segundo o publicado no Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para afrontar o impacto económico e social do COVID-19:

1. **Garantírase o subministro de auga e enerxía aos consumidores vulnerables, de xeito que durante un mes a partir do 18 de marzo os subministradores no poderán retirarlles o servizo e os bonos sociais prorróganse automaticamente ata o 15 de setembro.** Quedan suspensos así mesmo algunhas normas de actualización de tarefas (*Artigo 4*)
2. **Amplíanse os prazos dos seguintes procedementos iniciados antes do 13 de marzo de 2020: pago da débeda tributaria, dos aprazamentos e fraccionamentos, os prazos de desenrolo e adxudicación de bens de poxas, prazos para atender requirimentos, embargos e solicitudes de información con repercusión tributaria, para formular alegacións en procedementos de aplicación dos tributos, sancionadores ou de declaración de nulidade, devolución de ingresos indebidos, rectificación de erros materiais e de revogación. Amplíase así mesmo o prazo para atender o requirimento e demandas de información da Dirección Xeral do Catastro que estean en período de contestación e as aperturas de alegacións e audiencias. O período dende o inicio desta medida e o prazo límite no computará a na duración máxima dos procedementos.** (*Artigos 32-33*)
3. **Medidas en canto á contratación pública (*artigo 33*):**
 - **Servizos e subministración de prestación sucesiva ou obras que non poidan executarse polo COVID-19 ou as medidas adoptadas para batelo restarán automaticamente suspendidos previa solicitude e xustificación do contratista e trala confirmación da autoridade contratante nos cinco días seguintes.**

Na xustificación deberá constar as razóns polo que non poden continuar o traballo, o persoal, dependencias, vehículos, maquinaria, instalacións, equipos. Se a autoridade non notifica a suspensión deberá entenderse desestimada.

A entidade adxudicadora deberá indemnizar os seguintes danos e prexuízos:

- a) Salarios
- b) Mantemento da garantía definitiva
- c) Alugamento o mantemento de maquinaria, instalacións e equipos adscritos ao contrato que no se poidan utilizar para outro fin durante a suspensión do contrato
- d) Pólizas de seguro do prego en vigor vinculadas ao contrato

Os contratos de servizos e subministración que venzan durante o período de alarma poderán ampliarse para garantir a continuidade da prestación se a licitación se publicara 3 meses antes do vencemento.

Nos contratos de obra o contratista poderá pedir unha prórroga se ofrece o cumprimento dos compromisos pendentes.

A suspensión dos contratos recollidos neste decreto non suporán en ningún caso a resolución dos mesmos. Será o órgano de contratación o que determine a fin da suspensión unha vez cesen as circunstancias ou medidas ca provocaron.

- Nos servizos e subministración non sucesivos, se o contratista precisa unha prórroga para o cumprimento por mor do COVID-19 ou as medidas para batelo, previo informe do director de obra, terá dereito cando menos ao tempo perdido sen penalizacións nin resolución do contrato. Terán dereito así mesmo ao abono dos gastos salariais adicionais até un máximo do 10% do prezo inicial do contrato.
- O contratista dunha obra ou servizo terá dereito ao restablecemento do equilibrio económico do contrato por parte de administración sexa mediante a ampliación da súa duración inicial ata un 15% ou mediante a modificación das cláusulas económicas
- Todo isto será aplicable á contratación de auga, enerxía, transportes e servizos sociais, seguros privados, plans e fondos de pensións, ámbito tributario e litixios fiscais.
- Quedan fora contratos de servizos ou subministración sanitarios, farmacéuticos ou outra natureza vinculada á crise sanitaria, seguridade, limpeza, mantemento informático, mobilidade, seguridade e transporte, e entidades públicas que coticen en mercados e non teñan ingresos dos PXE.

4. Tentarase o traballo a distancia adoptando a empresa as medidas oportunas antes que reducir a actividade o cesar temporalmente. Os empregados que teñan persoas ao seu coidado e que por mor do COVID-19 sexa necesaria a súa presenza terán dereito á adaptación da súa xornada ou á redución da mesma durante a crise sanitaria coa redución proporcional do salario. *(artigos 5-6)*
5. Concederase moratoria na débeda hipotecaria da vivenda habitual para aquelas persoas con dificultade para facer o pago ou vulnerabilidade económica sobrevinda pola crise do COVID-19 *(supostos e condicións desta medida: artigos 7 a 16)*
6. Os autónomos poderán recibir unha prestación por cese de actividade polo COVID-19 cando a facturación do mes previo á solicitude da axuda sexa un 75% menor da media do semestre anterior. *(requisitos, contía e condicións: artigo 17)*
7. Garantirase o servizo de comunicacións electrónicas, banda ancha e de telecomunicacións, e suspéndense as campañas comerciais de contratación de servizos que requiran o desprazamento dos usuarios aos establecementos ou de operarios aos domicilios. Suspéndense tamén as portabilidades de números que non estean en curso. *(artigos 18-20)*
8. Interrómpese o prazo para a devolución de produtos. *(artigo 21)*
9. En canto ás suspensións dos contratos e reducións de xornada por perda de actividade polo COVID-19 serán considerados con causa de forza maior, debendo ser xustificada pola empresa e constatada pola autoridade nos seguintes 5 días. Neste procedemento deberá haber una comisión representativa dos traballadores, tendo empresa e comisión 7 días para o período de consultas.
As empresas con menos de 50 traballadores restarán exentas da aportación a Seguridade Social e as de máis de 50 traballadores abonarán un 25% como máximo. Isto non afectará os traballadores, que contarán o período como cotizado.
Neste período de suspensión ou redución os traballadores terán dereito á prestación contributiva por desemprego inda que non teñan o mínimo cotizado
Os prazos para novas solicitudes de desemprego, prórrogas ou declaración anual de rentas quedan suspendidos *(artigos 22-28)*
10. Ábrese unha liña de financiamento para empresas y autónomos para o pago de facturas, circulante, vencementos financeiros ou tributarios ou necesidade de liquidez. Ademais amplíase o límite de endebedamento neto do ICO e créase unha cobertura aseguradora extraordinaria durante 6 meses *(artigos 29-31)*

- 11.** Poderase estender o exercicio os órganos e unidades da Seguridade Social a todo o territorio nacional. (*disposición adicional terceira*)

- 12.** Prorróganse os D.N.I (e certificados recoñecidos ao mesmo) que foran caducar durante o estado de alarma polo COVID-19. Terán validez ata ao 13 de marzo de 2021 (*disposición adicional carta*)